



PASTORAL DA SAÚDE

XUBILEO 2025

*Peregrinos de
esperanza*

Lugo, 29 de novembro de 2025



Neste ano Xubilar Romano de 2025 estamos convocados con toda a Igrexa a gardar memoria viva do misterio de amor e de reconciliación do que nacemos: da Encarnación de Xesús, o Fillo de Deus, que se entregou por nós na Cruz para o perdón dos pecados e resucitou gloriosamente. Con El somos capaces de esperar contra toda esperanza, tamén no sufrimento e a enfermidade.

Sabemos que El coñece desde dentro as angustias e dores, a escuridade e temores que ás veces atravesamos. O Señor ten ante os seus ollos as nosas penas, escoita a nosa voz e coñece o valor verdadeiro do noso sufrimento, que ningún pode calcular. Poñamos as nosas enfermidades e dores nas súas mans, ofrezámosllos como a quen os entende e valora, e nos consola cunha promesa segura de vida.

E todos pola nosa banda miremos sempre con este mesmo respecto a quen está enfermo ou sofre. Afirmemos en todo momento o valor da súa persoa e coidémola tamén nos seus momentos finais. Non deixemos de presentar as nosas oracións ao Pai por eles. O Señor Xesús dixo: *Estaba enfermo e visitástesme.*

E deamos grazas e recemos tamén por quen coida aos enfermos, nas casas, residencias e hospitais; pois a súa tarefa implica moitos sacrificios e, vivida en caridade, é de enorme mérito. Tamén eles precisan ser reconfortados, e axudados polas nosas oracións.

Este Curso de Pastoral da Saúde axudaranos a renovar o noso compromiso cos enfermos e quen os coida.

Que Santa María, a Virxe dos Ollos Grandes, nos ensine a non apartar a nosa mirada dos que sofren, a saber estar preto de quen nos necesita.

E que Ela sexa tamén o noso amparo na saúde e na enfermidade; que interceda por nós, para que cheguemos a participar plenamente da Pascua do seu Fillo.

+Alfonso, Bispo de Lugo

PROGRAMA

- 10:00 ● Acollida
- 10:30 ● Oración inicial e saúdo de benvinda
Excmo. e Rvdmo. Mons. Alfonso Carrasco Rouco
Bispo de Lugo
- 11:00 ● Primeiro relatorio e coloquio: «La escucha que sana»
Dr. José Carlos Bermejo
Doutor en Teoloxía Pastoral Sanitaria
- 12:00 ● Pausa-café
- 12:30 ● Segundo relatorio e coloquio: «Estoy en duelo»
Dr. José Carlos Bermejo
- 13:30 ● Xantar
- 15:30 ● Mesa redonda: «Testemuñas de vida»
Irmá Leticia Antón García
Filla da Caridade de San Vicente de Paúl de Lugo
Rvdo. D. Manuel López López
Sacerdote
Dr. Santiago Torres Labandeira
Doutor en Farmacia e profesor na USC
Modera: Dna. María José Campo
Directora de Comunicación da Diocese de Lugo
- 17:00 ● Celebración da Eucaristía
S. I. Catedral Basílica de Santa María
- 18:00 ● Clausura da Xornada

Lugar: Hotel Torre de Núñez
Inscripción e comida: 40 euros